

Todo o mundo di que o importante cando falamos é o que dicimos. E, se ben é verdade que o contido do noso discurso é unha das razóns máis importantes polas que a xente nos escoita, non nos decatamos do importante que é falar bonito. Porque calquera persoa que escoite atentamente as túas palabras, dende un meniño ata un señor, gústalle que lles falens bonito. Que as túas verbas queden cun recendo doce non seus oídos. O importante que é como transmitimos as os nosos pensamentos. E, a verdade, eu creo que a mellor forma de falar bonito é en galego. Porque non é o mesmo dicir calquera verba en calquera idioma do mundo, que dicila en galego. Cada letra en galego sona mellor, transmite fogar, calma, e incluso morriña se te encontras lonxe da túa terra. Xoaniña, mel nos beizos. Refléctense nas súas meniñas a estampa daquel pequeno animal, vermello, insignificante, delicado, pero máis bonito, cando o dicimos en galego. Bolboreta, as cóxegas das súas ás recorren a miña lingua en busca das cordas vocais. Golfiños, saltan, rápidos, incesantes, efémeros, os sons entran nas miñas meixelas, corren, dan voltas, os meus beizos acompañan as ondas do infinito océano. Brétema, eterna, das montañas do Courel que se ergue ao comezo da alborada, aínda sinto as melodías da gaita rexurdir do máis interno dos nosos bosques. Porque todo, absolutamente todo, é máis bonito en galego. E é paradóxico que durante moitos anos sentíamos e tristemente, sentimos vergoña de falar a nosa lingua. Oxalá algún día aprendamos a non deixarnos levar polos prexuizos da nosa sociedade. Perdemos o esencial, perdemos o noso, o único noso que sempre nos pertencerá, porque quen somos se non temos a nosa lingua? A euforia, a opinión, a desesperación, a ambición, os desexos... Vaise, esvaécese, sen darnos conta, pouco a pouco. Políticos, administracións, miles de persoas que abandonan o único que aínda pode ser seu. Como non queremos ter algo que nos identifique, a ordinariedade é un dos primeiros pasos para chegar ao monótono. Todos iguais, homofonía de voces, que, finalmente todas serán o mesmo. Quen nos recordará? Sería moi egoísta pola nosa parte gardar nunha caixa de Pandora todas as verbas que posúe a nosa fermosa lingua. Mostrala ao mundo fará que non desapareza xa que, somos algo menos nós cando non falamos nun idioma tan bonito como o galego. Naide o pensa, pero cando nos falte, a morriña será infinita.